



MODELO SILVÍCOLA	PP2
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus pinaster Ait.</i> , aplicable a formacións mixtas con <i>P. radiata</i> ou frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Madeira de serra e chapa. 400-500 pés/ha de calidade en corta final.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	3,5 m (entre liñas como mínimo) x 2,5 m (entre plantas) ata 3,5 m x 3 m, que son de 1.140 a 952 plantas/ha. Densidade inicial superior en rexenerados naturais. Replantacións sempre con planta mellorada de categoría cualificada ou controlada. Posible emprego de materiais resistentes a nematodo. Obrigatoriedade de manter as franxas de uso exclusivo de frondosas autóctonas e as distancias mínimas establecidas na lexislación vixente.
Mantementos	En plantacións, reposición de marras e roza total no primeiro ano. Entre os 2-5 anos, mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Cando se acuda á rexeneración natural e sempre que a densidade mínima de planta viable supere os 1.300 pés/ha ben espallados e con vigor suficiente deberase realizar, entre os 3-6 anos, unha roza-desmesta sistemática (por entreliñas e nas faixas con arborado), ou manual (se non é posible a mecanización) que adecúe a densidade final á sinalada no presente modelo. Recomendable utilización de aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Poda baixa (2,5-3 m) cando a altura é de 6-7 m e diámetro normal medio de 10 cm nos 1.000-1.200 pés/ha restantes tras a rarea. Poda alta ata 5,5-6 m (con ferramentas montadas sobre pértiga, posible accionamento pneumático) cando os pés acaden unha altura total de 12-15 m, diámetro normal de 18 cm. Só se fará sobre os pés que se deixen para a corta final. Intensidades de poda entre 1/3 e 1/2 da altura total da árbore.
Desmestas	Se é rexenerado natural, facer en torno aos 3-6 anos unha roza sistemática por faixas combinado cunha desmesta selectiva na interfaixa ou manual (se non é posible a mecanización das faixas), ata deixar unha densidade de 900-1.100 pés/ha, de forma graduada se hai problema de vento forte ou a densidade inicial era moi elevada. En plantación, tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, espaxado ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas.
Rareas	Primeira rarea ata deixar uns 650-700 pés/ha (15-18 anos) con peso





	<p>máximo do 40-45% dos pés. Segunda rarea, deixando 400 pés/ha (20-25 anos), peso máximo do 40% dos pés. Trituración de restos ou aproveitamento enerxético.</p> <p>Atendendo a riscos de derribo por vento moderar o peso das rareas facendo tres, mantendo unha densidade máxima en corta final de 500 pés/ha.</p> <p>Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con piñeiro radiata, seleccionar como individuos a extraer aqueles con menor adaptación á estación.</p> <p>Compatible con resinación de árbores a extraer nas rareas, método de pica de casca manual ou mecánica, en caras estreitas (12 cm) simples ou dobres.</p>
--	---

CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	35-40 anos (menor quenda en mellores calidades de estación). Posibilidade de anticipar a quenda en caso de problemas sanitarios, de estabilidade ou de desenvolvemento do rodal.
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, 25-50 pés por ha durante 5-10 anos). Madeira obtida empregable na súa maior parte a serra e chapa. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente. Compatible con resinación 3-5 anos previos a corta final polos métodos de borehole ou pica de cara simple ancha (20 cm).

